

ACTA N° 03/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
Daniel Rodas Chapela.

Ten excusada a súa inasistencia D. Arturo González Pérez.
D.^a Libertad Cruz Couso se incorpora á sesión ás 19.30 horas.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 19 de xaneiro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 02/09, do 12/01/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 178/08 – CONSTRUCCIONES LUIAN, S.L. presenta proxecto básico para a construcións de vivenda unifamiliar, a situar no lugar de Fontes, s/n – Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Ernesto Cid Sueiro, visado na data 13.01.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non edificable en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da aliñación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 16 de outubro do 2008 para Ordenanza 2.

Cumpre coas normas do hábitat galego. No proxecto de execución definirá a condición de translucidez e ventilación do espazo adicado a tendal-area de lavado.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo Provincial de Estradas

Cédense 95,66M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1339,24 euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Acredítas a superficie das parcelas de 331,00 M/2 brutos mediante escrituras.

No expediente consta o estudo basico de seguridade e saude.

A eficacia desta licenza condicionase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo, para recibir estas ultimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985,polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.556,20 €
Taxas licenza urbanística.....	194,53 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión saneamento	180,00 €

2.B) EXPTE. 142/08 – PROYCON DEL RÍO, S.L. presenta proxecto básico para construción de vivenda unifamiliar, a situar no barrio do Cabido-Verdeal-Domaio, parcela nº 3, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González, visado na data 13.05.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non edificable en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da aliñación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 9 de xuño do 2008 para Ordenanza 2.

Cumpre coas normas do hábitat galego.

Non require informes sectoriais.

Cédense 36,59M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitútese fianza por un importe 548,85 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Acredítase a superficie das parcelas de 376,00 M/2 brutos mediante escrituras.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo, para recibir estas últimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.339,36 €
Taxas licenza urbanística.....	292,42 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión saneamento	180,00 €

2.C) EXPTE. 240/08 – D. JOSÉ LUIS ESPINOSA LÓPEZ e DNA. TERESA GONZÁLEZ BAENA presentan proxecto básico e de execución para a construción de vivenda unifamiliar, a situar en Reibón – Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo de arquitectura JH ARKMO, visado na data 28.08.08, superficie total construída 295,12 m²; orzamento 142.024,78 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 13 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución. Cumpre as normas do habitat galego.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da aliñación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 9 de outubro do 2008 para Ordenanza 7.

Non require informes sectoriais.

Cédese 24,04M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 721,20 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie de parcela según medición técnica 524,80 M/2; según escrituras 611,00 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

Os dereitos do particular para a obtención da licenza veñen reflectidos nas determinacións dispostas na Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), disposición transitoria primeira 1, e) determinante da aplicación para núcleo rural da LOUGA.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.840,50 €
Taxas licenza urbanística.....	355,06 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión saneamento	180,00 €

2.D) EXPTE. 294/08 – DNA. EVA SALGUEIRO VARELA presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar, sita no barrio da Paradela, num. 64, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yañez, visado na data 16.12.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación en vivenda definidas en proxecto.**

Substitución de carpinterías interior e exterior, impermeabilización de cuberta plana, reparación de cuberta, pintura interior, choreo e limpeza de fachadas con pintado impermeabilizante e demolición de anexo.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incremento do valor de expropiación nin máis consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	752,37 €
Taxas licenza urbanística.....	67,18 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.-PECHES

Vistos os expedientes instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 05/09, D. MANUEL RÍOS RÍOS, solicita construción de muro de peche de parcela sita no lugar do Viso, do barrio de Calvar-Domaio, cunha lonxitude de 153 m e unha altura de 1,50 m, formado por unha base de bloques de formigón enfoscados, postes metálicos e malla metálica, de conformidade cos planos e memoria presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

Retranqueo co enteste do camiño será de 4,00 m. do eixo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	96,58 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

3.B) EXPTE. 04/09, D. JESÚS RIOBÓ BARCIA solicita construción dun muro de peche de 94,60 metros liñais e unha altura de 1,65 m, na parcela da súa propiedade sita en Berducedo, num. 133 A, a base de pedra granítica a modo de base de 0,45 m, sobre a que se colocará malla metálica e perfís metálicos, ata completar a altura de 1,65 m, de conformidade cos planos que acompaña.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no artigo 42.1.c) da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a altura máxima non sobrepasará o 1,50 metros a partir da rasante para a clase de solo rústico.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 65,69 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. LUIS MIGUEL FERVENZA GARCÍA e DNA. M^a TERESA DE CASTRO DURÁN no que solicitan licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no barrio do Piñeiro - Berducedo, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 66/2007, concedida pola XGL en sesión de data 15.06.2007).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 16 de xaneiro de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Jucal Rios, o día 16 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 30 de maio de 2008; asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez o día 16 de maio de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 3 de xuño de 2008.
- Fotografías da obra rematada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Recibo de pago de taxas por licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza

en Expte. nº 66/2007, ao seus promotores D. LUIS MIGUEL FERVENZA GARCÍA e DNA. MARÍA TERESA DE CASTRO DURÁN, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- LICENZA DE APERTURA

EXPTE. 27/08 – SUN FRUIT SPAIN, S.L., representada por D. RAMÓN RODRÍGUEZ TABANERA, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 3 de xuño de 2008, licenza de apertura para establecer un local de despacho de froita e verduras, na rúa Concepción Arenal, 74 baixo.

Visto o informe do aparellador municipal do 14 de xaneiro de 2008, que literalmente di:

LICENZA DE APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA SEN OBRAS.

ASUNTO: FROITERÍA

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

Actividade proposta: establecemento de FROITERÍA. Uso comercial; compatible coa ordeación de usos prevista polo Documento de Revisión e Adaptación da Norma Subsidiaria Municipal de Planeamento, actualmente vixente.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a **SUN FRUIT SPAIN, S.L.** licenza para a implantación da actividade de FROITERÍA no local situado na rúa Concepción Arenal 74 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

6.A) Visto o custe para que o Concello de Moaña apareza na Edición Feiral 2009 da revista HG&T (Hostelería Galega e Turismo) que se distribuirá en FITUR e outras feiras do sector, cun espazo de media páxina e cunha tirada de 45.000 exemplares, que ascende a 800 euros máis IVE, orzamento presentado pola mesma revista o día 11 de decembro de 2008,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 7510-22602, RC 20,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 928 € a favor da revista HOSTELERÍA GALEGA E TURISMO, con cargo a partida 7510 22602 RC 20, pola publicidade na revista HG&T (Hostelería Galega e Turismo).

6.B) Visto o custe para que o Concello de Moaña apareza na edición do suplemento especial de viaxes FITUR que *La Voz de Galicia* publicará na súa edición xeral o día 28 de xaneiro, presentado polo diario o 11 de xaneiro de 2009 e que ascende a 760 euros máis IVE,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 7510-22602, RC 19,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 881,60 € a favor de LA VOZ DE GALICIA, con cargo a partida 7510 22602 RC 19, pola publicidade no suplemento especial de FITUR.

6.C) Visto o orzamento do 12 de xaneiro de 2009 presentado pola empresa Boca a Boca para a reparación do rótulo exterior con realización de oito letras novas e fixación das demais, incluíndo montaxe e traslado, por un importe de 162,40 €, solicitado pola

concelleira de Igualdade e Servizos para recompoñer o rótulo exterior da entrada, roto o 30 de decembro de 2008,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-21200, RC 17.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 162,40 € a favor da empresa BOCA A BOCA, Diseño y Comunicación S.L., con cargo a partida 3130-21200 RC 17, polo arranxo do rótulo exterior da Ludoteca municipal.

6.D) Visto o orzamento do 1 de xaneiro de 2009 presentado pola Librería O Pontillón para os 11 números do ano 2009 da revista Maestra Infantil, por un importe de 38,55 €, solicitado pola concelleira de Igualdade e Servizos posto que empregan a revista como recurso educativo de axuda para a programación das actividades que se realizan na ludoteca.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-21201, RC 16.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 38,55 € a favor da librería O PONTILLÓN – Benxamín Riobó Sanluis, con cargo a partida

3130-21201 RC 16, por 11 exemplares para a Ludoteca municipal da revista Maestra Infantil.

6.E) Visto o orzamento do 9 de xaneiro de 2009 presentado pola empresa ELECTROAUTO CANGAS, S.L. para o arranxo do vehículo de Servizos marca FORD RANGER 2.5 TD 4x4, matrícula 8453-CJC, por un importe de 282,30 €,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 5110-21400, RC 21.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 282,30 € a favor de ELECTROAUTO CANGAS, S.L., con cargo a partida 5110-21400 RC 21, polo arranxo de vehículos de Servizos matrícula 8453-CJC, Ford Ranger.

7.- PÓLIZA CASER RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL

Visto que venceu a póliza de responsabilidade civil xeral nº 1039993 da Compañía Caser, Cía. de Seguros e Reaseguros, que o Concello subscribiu a través da Susavila Correduría de Seguros, S.L.

Vistas as novas condicións de dita póliza de responsabilidade civil ofertada pola Correduría de Seguros Aon Gil y Carvajal coa mesma Compañía Caser, Cía. de Seguros e Reaseguros, na que se abarata a póliza, incrementáanse os límites para as coberturas de danos persoais e actualízase a facturación,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para este se efectuou na partida 1210 22402.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 17.643,15 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, S.U., pola prima do seguro de responsabilidade civil de Caser Seguros (periodo 061108 a 061109), imputandoo á partida 1210-22402, RC nº 160.

8.- RENOVACIÓN DO SERVIZO DE APARTADO DE CORREOS

8.A) Visto que procede a renovación do servizo de apartado de correos para o Concello durante o ano 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 51,05 euros a favor de CORREOS Y TELÉGRAFOS, pola renovación do servizo de apartado de correos para o Concello durante o ano 2009, imputandoo á partida 1210-22201, RC nº 18.

8.B) Visto que procede a renovación do servizo de apartado de correos para o Xulgado de Paz para o ano 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 61,50 euros a favor de CORREOS Y TELÉGRAFOS, pola renovación do servizo de apartado de correos para o Xulgado de Paz para o ano 2009, imputandoo á partida 1210-22299, RC nº 22.

9.- APROBACIÓN DE PAGO DE BOLETÍNS OFICIAIS

Vista a necesidade de que o Concello renove a subscrición ao “DIARIO OFICIAL DE GALICIA” e vistas as instrucións para formalizar a subscrición/renovación a este diario,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 150,74 euros, con cargo á partida 1210.22001 RC 15, en concepto de subscrición ao DOG para o ano 2009.

10.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Manuel E. Costa Diz, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor do 16 de xaneiro de 2009, por ser a tramitación conforme coa normativa de aplicación,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Manuel E. Costa Diz o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 14 mensualidades

11.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE D. FERNANDO ESTÉVEZ SOTELINO

D. Fernando Estévez Sotelino expón, por escrito do 4 de xullo de 2008, que realizou unhas obras e solicitou auga para elas, e dado que xa as concluíu e se deron de baixa do subministro, solicita a devolución íntegra de dúas fianzas de 150 euros cada unha.

Visto o informe da tesoureira do 16 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: DEVOLUCIÓN DE DÚAS FIANZAS DE AUGA POR IMPORTE DE 300,00 € A FAVOR DE FERNANDO ESTÉVEZ SOTELINO.

DEPOSITANTE/GARANTIZADO: FERNANDO ESTÉVEZ SOTELINO

IMPORTE: 300 EUROS (DUAS FIANZAS POR IMPORTE DE 150 EUROS CADA UNHA)

- Acreditado o depósito na Tesoureira municipal do Concello de Moaña por parte de FERNANDO ESTEVEZ SOTELINO das fianzas abonadas en metálico os días 13 de novembro de 2006 e 26 de xullo de 2007 (número de recibo 067360 e 063404).

- Solicitada con data 04/07/2008 (RE nº 8.748) devolución polo interesado.

- Consta no expediente informe de Aqualia de data 25 de setembro de 2008 pero insuficiente para proceder á devolución da fianza pois non detalla se o interesado estaba dado de baixa ou non do servizo de augas, polo que se solicitou novo informe á citada empresa.

- Con data 15 de xaneiro de 2009 (aínda que con rexistro de 3 de outubro de 2008) se recibe na Tesourería municipal copia dun novo informe de Aqualia onde se expón que o número de contrato 008262 relativo a Fernando Estévez Sotelino, Bello Lar, S.L. foi dado de baixa con data 2 de xullo de 2008, sendo o contrato de carácter industrial por tratarse dun auga de obra, tamén se sinala que a partir dese contrato se xeraron catro novos contratos domésticos de catro vivendas que resultaron da obra.

- A Ordenanza da auga do Concello de Moaña sinala no seu artigo 4 que a fianza só se lle devolverá ao interesado cando se produza a rescisión do contato, unha vez pagados os recibos pendentes.

- Á vista do anterior, a Tesourería municipal ten a ben informar a procedencia da devolución as fianzas da auga por importe de 300 euros a favor de Fernando Estévez Sotelino.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada de dúas fianzas de auga 150,00 euros cada unha, 300 euros en total, a favor de FERNANDO ESTÉVEZ SOTELINO.

12.- OCUPACIÓNS DA VÍA PÚBLICA DURANTE O ENTROIDO

12.A) Vista a solicitude de D.^a María Yovana Fernández Díaz do 13 de xaneiro de 2009 na que solicita colocar un posto de patacas, perritos e garrapiñadas para o Entroido fronte á praza de abastos, catro días. As medidas do remolque son de 8 x 2 metros,

Vista a liquidación das taxas practicada por importe de 57,60 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación para os días solicitados e a liquidación de taxas efectuada.

12.B) Vista a solicitude de D. Serafin Machado de la Encarnación do día 12 de xaneiro de 2009, na que solicita instalar no Entroido 2009 xogos para rapaces na pista deportiva da praza (un dragón, camas elásticas, trampolín e pista de autochoque), ocupando 140 m², os días 22, 23, 28 de febreiro e 01 de marzo de 2009,

Vista a liquidación das taxas practicada por importe de 504,00 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as instalacións dos xogos para os días solicitados e a liquidación de taxas efectuada.

13.- OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA: CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DAS INSCRICIÓNS.

Vista a proposta do director da Escola Municipal de Música de Moaña e os anexos que acompaña, de data 16 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRICIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA:

-Prazo: Mércores 21 de Xaneiro a Luns 2 de Febreiro.

- Horario: 09:00h-13:45h

-Lugar: Oficinas de Caixanova sitas no Concello de Moaña

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectua-lo pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto:

“ **Curso Hip-Hop** ou “**Solfexo de Adultos**” segundo corresponda.

Os prezos serán os estipulados no “II Convenio sobre o Plan de Actividades Complementarias” asinado entre a Banda de Música Popular “Airiños do Morrazo” e o propio Concello.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

Acontinuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición.

ANEXO FOLLA 1/2

Ó TEXTO sobre os PAGAMENTO DOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA do 16 de Xaneiro de 2009.

Listado de preinscritos:

OBRADOIRO	Nome do/a Alumno/a	Importe
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	CANCELAS CANCELAS, DANIELA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	DOMÍNGUEZ CURRÁS, MAR	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	FERNANDEZ MALVIDO, CLAUDIA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	FERNÁNDEZ SEOANE, NATHAN	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	FRANCISCO RÚA, ANDREA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	GARCÍA CORDEIRO, CANDELA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	GUEDE RAMOS, AREA MARÍA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	JUNCAL DURAN, NAYARA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	LÓPEZ NOGUEIRA, ANA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	PAZOS RIVERA, ALBA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	PORTELA SOLIÑO, IRIA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	POSE DELGADO, ALICIA MARÍA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	POUSO SOAGE, AIXA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	RDRÍGUEZ RÍOS, ALBA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	RIOBÓ SANTOMÉ, CARLOS	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	RODRÍGUEZ DASILVA, SARA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	RODRÍGUEZ GUIMERÁNS, ANA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	ROUCO OTERO, LAURA	15€
CURSO HIP HOP 9 A 12 ANOS	SANTIAGO RÍOS, PAULA	15€
AULA SOLFEXO ADULTOS	SOAJE PORTELA, JUAN DIEGO	20€

ANEXO FOLLA 2/2

Ó TEXTO sobre os PAGAMENTO DOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA do 16 de Xaneiro de 2009.

OBRADOIRO	Nome do/a Alumno/a	Importe
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	ALONSO CASAL, NOELIA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	BARREIRO MARCOS, SARA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	BLANCO CARBALLO, MIRIAM	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	BOUBETA DEL RÍO, MARÍA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	CASÁS DOMINGUEZ, IRIS	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	CORDEIRO ÁLVAREZ, LUCÍA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	CURRÁS FRANCO, YOLANDA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	DE SÁ MARÍN, ROBERTO	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	FERNÁNDEZ LÓPEZ PINTOS, Mª VICTORIA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	FERNÁNDEZ LÓPEZ PINTOS, NATALIA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	FERVENZA COSTA, MÓNICA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	GARCÍA REGUEIRA, ELENA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	GÁVEZ MARTÍNEZ, DESIRÉE	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	MIGUELEZ MOLARES, PAULA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	PEREDES PORTAS, NOELIA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	PIÑEIRO MARTÍNEZ, ANDREA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	RÍOS PÉREZ, SARA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	ROSALES DA SILVA, BRENDA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	RÚA VILLAR, NOELIA	15€
CURSO HIP HOP 13 A 18 ANOS	VEIGA ROSALES, ROMINA	15€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do director da Escola Municipal de Música coas relacións de preinscricións que achega, e trasladar o acordo á Tesourería e Recadación municipais para o seu cobro.

14.- RECLAMACION DE DANOS. D. ANGEL CAAMAÑO PEREZ.

En data 8 de xaneiro de 2009, D. Angel Caamaño Pérez presenta reclamación ante o Concello por danos sufridos no seu vehículo matrícula B-2646-OL. En concreto na reclamación sinala que en data 11 de novembro de 2008, cando circulaba polo lugar do lago de Abelendo veuse sorprendido por un bache na calzada sen sinalizar o que provocou danos no seu vehículo. Acompaña de un orzamento de reparación por importe de 839,84 euros.

Adxunta á reclamación informe da Policía Local de data 12 de novembro de 2009, onde se precisa que o reclamante personouse nas dependencias municipais na tarde do día 11 de novembro de 2008 manifestando que cando circulaba na súa motocicleta Honda, modelo CBR, matrícula B-2646-OL polo Lago de Abelendo en dirección á estrada EP-110 atopouse cunha fochanca que había no medio da estrada causándolle danos na roda traseira. Realizada inspección ocular comprobouse que a roda traseira da motocicleta tiña dobrada a llanta. Asemesmo, trasladouse patrulla ao lugar sinalado e acreditouse que fronte ao nº 105 de Abelendo, no medio da calzada había unha fochanca de 50x30 e 15 cm de fondo. O titular da motocicleta resultou ser o reclamante.

O artigo 13 do Regulamento dos Procedementos en materia de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, dispón que a resolución pronunciárase necesariamente sobre a existencia ou non da relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida, o que esixe a acreditación do feito a través dos medios de proba que sexan necesarios, como prevé o artigo 9 do citado Regulamento.

Visto que no presente caso é, a vista dos feitos, non queda acreditada por parte do prexudicado, ao que incumbe a carga probatoria, que os feitos tivesen lugar no citado lugar como logo se alegou, ao non trasladarse ao lugar dos feitos a Policía Local con carácter inmediato, unicamente quedando como proba de que os danos se produciron no lugar dos feitos as propias manifestaciones do reclamante, sen haber ningún outro medio de proba, como poden ser testemuñas presenciais ou outro medio de proba que constase no informe policial recollido sobre o terreno polos axentes de policía e que puidesen acreditar a comisión dos feitos no lugar sinalado na denuncia.

Considerando que non queda suficientemente acreditada no caso presente a existencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda desestimar a reclamación de danos presentada ante o Concello por D. Angel Caamaño Pérez por danos sufridos no seu vehículo matrícula B-2646-OL.

15.- RECLAMACION DE DANOS. DNA. AMELIA PENA LORENZO.

En data 5 de xaneiro de 2009, Dna. Amelia Pena Lorenzo presenta reclamación ante o Concello por danos persoais sufridos o 7 de xaneiro de 2008. En concreto na reclamación sinala que na citada data, cando ía camiñando pola Rúa Ramón Cabanillas de Moaña, á altura da obra que realizaba “Promociones O Alboio S.L.” nesa rúa sufriu unha caída, posto que o solar onde se estaba executando a obra estaba pechado por un valado que invadía practicamente a totalidade da beirarrúa, o que lle obrigou a camiñar polo estreito espazo do que dispoñía, e ao chegar a unha zona que se atopaba en rampa e colocar o pe, caiu ao chan dándose unha forte golpe no hombro esquerdo, sendo atendida por outra persoa. Sinala que a causa da caída foi que o vallado da obra invadía practicamente a totalidade da beirarrúa e a rampa resultaba imperceptible.

A reclamante engade que como consecuencia dos feitos sufriu lesións que requiriron asitencia médica e incapacitación por 274 días polo que reclama do Concello unha indemnización por importe total de 17.731,23 euros.

Visto que o Concello cumpriu, no expediente citado polo reclamante (expte. Licenza de obras 192/2007), as determinacións urbanísticas previstas para a concesión de licenzas municipais, esixindo ao autorizado para a execución da obra, Promociones O Alboio S.L., todos os condicionantes técnicos que se puidesen derivar da normativa aplicable.

Visto que o Concello procedeu á sinalización da zona onde se estaba a executar a obra.

Vista a documentación aportada pola reclamante e entendendo que non queda suficientemente acreditada no caso presente a existencia de relación de causalidade entre o funcionamento dun servizo público municipal e o dano sufrido pola reclamante.

Visto que con independencia do anteriormente sinalado, calquera circunstancia que se puidese derivar dos feitos expresados, e á marxe dunha posible relación de causalidade entre os feitos e a actuación municipal e a súa acreditación, de existir responsabilidade polos feitos acaecidos, serían imputables á empresa autorizada pola licenza para acometer as obras.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda desestimar a solicitude de indemnización de 17.731,23 euros formulada por Dna. Amelia Pena Lorenzo en reclamación de responsabilidade patrimonial a esta Administración pola lesión producida con motivo dos feitos expostos na reclamación por entender que dos mesmos non se deriva responsabilidade patrimonial municipal.

16.- RECTIFICACIÓN DA SEGUNDA RELACIÓN DE PROPOSTAS FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Á vista do Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local que ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata a partires de comezos do 2009 e que sexan competencia das entidades locais, en Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2009, acordouse remitir ao Ministerio de Administracións Públicas a segunda relación de propostas.

Na citada relación figuraba o Proxecto de Sinalización vertical e turística do Concello de Moaña cun Orzamento de execución por contrata de 43.103,00 euros e IVE por importe de 6.896,55, o que facían un total de 49.999,55 euros.

Vista a denegación da autorización do citado proxecto polo Ministerio de Administracións Públicas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a seguinte proposta de proxecto de obra a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local:

- Proxecto de Pavimentación de viais públicos no Barrio de O Caeiro (Meira-Moaña). Orzamento de execución por contrata de 43.103,00 euros. IVE: 6.896,55euros. Total: 49.999,55 euros.

Asemesmo a Xunta de Goberno acorda cumprimentar a citada proposta ca documentación requirida na normativa anteriormente citada e remitilos ao Ministerio de Administracións Públicas.

17.- FURANCHOS:

JOSE GRAÑA GARCIA, solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, no baixo da súa vivenda en Paradela 105, no periodo do 3 o 15 de abril do 2009. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no citado periodo, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

18.- DECLARACIÓN USO SOFTWARE LIBRE

Vista a proposta do concelleiro sr. Pastoriza que textualmente di:

Declaración de uso software libre.

En liña coas actuacións que veñen levando a cabo diferentes administracións europeas, estatais, autonómicas e municipais, acordo coas directivas e instrucións que están así mesmo ditándose dende todo tipo de organismos sobre o uso e a implantación de software libre nas Administracións públicas.

Sistema operativo.

Como sistema operativo para as maquinas de tipo "cliente", de forma xeral instalárase o sistema operativo de software libre Galinux..

Galinux é unha iniciativa da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, da Consellaría de Innovación e Industria (Xunta de Galicia) enmarcada no Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI 2007-2010).

Para as máquinas de tipo servidor, en función das aplicacións que aloxan realizarase unha análise individualizada. Contemplase de forma temporal o uso de máquinas con licencias Windows para aquelas aplicacións que non poidan executarse dende navegador e que requiran manexo de aplicacións propietarias.

Ofimática.

Para o proceso de documentos de texto, follas de calculo , presentacións e calquera tipo de traballo ofimático, a única aplicación autorizada de forma xeral nos ordenadores propiedade do concello e a suite **OpenOffice**.

Esta aplicación pode descargarse de balde dende os servidores de mancomun.org.

As distribucións (e os dicionarios) que se poden descargar dende este servidor inclúen interface en lingua galega.

Navegador.

O único navegador autorizado para o seu uso nos ordenadores do concello é a aplicación de software libre **Firefox**.

Correo electrónico.

A única aplicación autorizada para o seu uso nos ordenadores do concello é a aplicación de software libre **Thunderbird**

Arquivos soportados e de intercambio.

A Organización Internacional para a Estandarización concedeulle o formato OpenDocument o ISO 26300.

De forma xeral o formato autorizado para o seu uso nos ordenadores do concello e para o seu intercambio e o formato OpenDocument.

Pola súa condición de formato interpretable por visores gratuítos e pola súa implantación e extensión na web, tamén se autoriza o uso de documentos de tipo PDF.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

19.- MOBILIDADE

19.A) SOLICITUDE DE VADO DE D. NEMESIO POUSADA FERNÁNDEZ

Con data 30 de decembro de 2008, D. NEMESIO POUSADA FERNÁNDEZ, presenta instancia na que solicita un vado permanente en Vilela-Tirán, 77, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 242,50 euros (227,50 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 7 de xaneiro de 2009, onde literalmente di que *se lle pode conceder o solicitado, xa que o portar de acceso á vivenda ten un ancho de 3,10 metros. Para facilitar o acceso, hai que sinalizar cunha liña continua dun largo de 6,00 metros na marxe contraria onde se atopa colocado o portal de entrada.*

Visto o informe do inspector de obras do día 12 de xaneiro de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. NEMESIO POUSADA FERNÁNDEZ, cunha entrada de 3,10 metros e 6 metros de liña continua na marxe contraria para facilitar o acceso, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 242,50 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

19.B) Dona DIANA BUDIÑO BERNÁRDEZ presenta unha instancia o día 6 de outubro de 2008 na que expón que non pode entrar na casa comodamente cando leva as compras ou a silla da nena cando hai coches na entrada da porta, e solicita un sinal que prohiba o aparcamento diante da porta.

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do 25 de outubro de 2008, conformado pola concelleira de Mobilidade, onde se recolle que *para solucionarlle o problema a esta veciña, sería conveniente ampliar a beirarrúa ou que se proceda ó pintado dun cebreado de cor amarelo a parte da calzada que está diante da súa porta,*

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 20 de xaneiro de 2009 que indica que non existe expediente de reposición da legalidade urbanística ningún iniciado a nome da solicitante no lugar do Igrexario, núm. 28 do barrio do Cruceiro,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o solicitado e que se coloque un sinal vertical de prohibido aparcamento.

20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA

20.A) CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relaciona a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
ALBERTO SANLUIS FANDIÑO	Auga e saneamento usos domésticos	Vilela – Tirán, 32	Conexión auga 60 € Fianza auga 20 € Conexión sumidoiros...180 €	Aqualia Arquitecto técnico mun.
RAUL RODRÍGUEZ ROMÁN	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 214, 3A	Conexión auga 60 € Fianza auga 20 €	Aqualia
COMISIÓN DE FIESTAS NUESTRA SEÑORA DE LOS REMEDIOS	Auga usos domésticos	Carrasqueira, 100	Conexión auga 60 € Fianza auga 20 €	Aqualia Arquitecto técnico mun.
PROMOCIONES AMOFRE, S.L.	Auga uso industrial	O Rosal Sur, parcela nº 6	Conexión auga 60 € Fianza para construción ... 150 €	Aqualia

20.B) D. TIRSO EUGENIO JUNCAL RÍOS solicita autorización para conectar coa rede municipal de traída de augas para oficina, uso comercial, na rúa Concepción Arenal, 64 baixo.

Visto que a solicitude non reúne toda a documentación necesaria para autorizar a conexión,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se lle requira a D. Tirso Eugenio Juncal Ríos para que presente a licenza de apertura.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:40 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.